



# GALEGO SEN FRONTEIRAS

## XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

### 2-24 de xullo de 2019

## **Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia**

### **Programación do nivel medio**

#### **OBXECTIVOS DO NIVEL MEDIO**

Os contidos deste nivel teñen como obxectivo principal fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acade un nivel B2 en lingua galega, segundo a descrición establecida no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa.

Segundo a descrición xeral deste nivel de competencia, as persoas que o acaden posuirán un dominio da lingua que lles permita intervir nun conxunto variado de situacións de comunicación, cunhas estruturas gramaticais e léxicas que lles proporcionarán a suficiente flexibilidade e capacidade para usar a lingua en situacións menos previsibles.

Asemade, comprenderá mensaxes orais e escritas sobre temas diversos e de certa complexidade, sabendo distinguir o principal do secundario, e producirá textos comprensibles e cun alto grao de corrección normativa. Poderá defender un punto de vista, incidindo nos proles e contras das distintas opcións e saberá desenvolverse sen moitas dificultades nos contextos en que o galego é lingua de traballo e interacción.

De xeito máis pormenorizado un falante que posúa este nivel terá as seguintes destrezas:

#### **Compresión oral**

Será quen de comprender mensaxes relacionadas coa vida cotiá ou laboral, como conversas de carácter xeral sobre temas variados, consellos médicos, informacións e avisos feitos en lugares públicos ou noticias da televisión co apoio da imaxe e os aspectos principais de programas de radio de temática xeral ou coñecida.

Será capaz de seguir as ideas principais dun discurso lingüisticamente complexo (por exemplo unha conferencia, clase ou seminario), que trate tanto de temas concretos como abstractos, pronunciados nun nivel de lingua estándar.

#### **Compresión escrita**

Terá a capacidade de comprender diferentes tipos de textos, desde cartas e anotacións persoais ou profesionais, ata textos dos medios de comunicación de temática xeral ou de áreas específicas do seu interese. Será quen de comprender formularios administrativos, normas sobre como comportarse nunha situación determinada, textos relativos a aspectos da formación académica e textos literarios sinxelos.



# GALEGO SEN FRONTEIRAS

## XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

### 2-24 de xullo de 2019

#### **Exposición oral**

Terá un dominio da lingua e un control gramatical o suficientemente amplo como para realizar descrições, narracións e exposicións sobre persoas, situacións ou acontecementos da vida cotiá ou profesional. Empregará os mecanismos de cohesión máis habituais para converter as súas frases nun discurso claro e coherente. Será quen de explicar, por exemplo, os síntomas dunha doenza ou pedir información en calquera establecemento, expresando o seu agrado ou desagrado co servizo. En conversas ou debates, saberá expresar e argumentar a súa opinión e reproducir as das outras persoas.

#### **Exposición escrita**

Será capaz de escribir textos ben estruturados, coherentes e cohesionados, cun alto grao de corrección lingüística, sobre unha ampla gama de temas. Poderá redactar mensaxes electrónicas relatando feitos, experiencias e valoracións sobre aspectos da vida cotiá, ou informes sobre temas de actualidade, así como describir de xeito detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación. Do mesmo xeito, será quen de tomar notas nunha conferencia, aula ou seminario.

#### **Contidos socioculturais**

Neste nivel realizarase un achegamento a algúns aspectos da historia ou da actualidade de Galicia, a través da indagación sobre acontecementos relevantes de tipo social, lingüístico, cultural, económico, deportivo etc. Esta información apoiarse en diversas fontes de información fornecidas en diferentes modalidades de lingua e en diversos formatos: textos impresos, gráficos, material audiovisual, visitas a distintos lugares de Galicia etc.



GALEGO SEN FRONTEIRAS  
XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas  
2-24 de xullo de 2019

## DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS NAS UNIDADES

Os contidos que se van tratar durante o curso distribúense nas correspondentes unidades do seguinte xeito:

### UNIDADE 1

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Redactar unha descrición física dunha persoa</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Expresarse de xeito fluído e coherente</li><li>➤ Coñecer as denominacións das partes do corpo</li><li>➤ Describir fisicamente as persoas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Flexión de xénero e número de substantivos e adxectivos: casos particulares</li><li>➤ Acento diacrítico</li><li>➤ Conectores de inicio, explicación, reformulación e conclusión</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Aspecto físico</li><li>➤ Partes do corpo</li></ul>

### UNIDADE 2

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Combinar os pronomes coas descricións psicolóxicas e os usos dos posesivos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Utilizar adecuadamente os pronomes tónicos</li><li>➤ Describir o carácter dunha persoa</li><li>➤ Detallar os distintos estados de ánimo</li><li>➤ Construír oracións coordinadas e subordinadas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Pronome persoal tónico: formas libres e ligadas</li><li>➤ Usos especiais dos posesivos</li><li>➤ Conxuncións coordinantes e subordinantes</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ O carácter</li><li>➤ Estados de ánimo</li></ul>



GALEGO SEN FRONTEIRAS  
XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas  
2-24 de xullo de 2019

**UNIDADE 3**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Relatar un suceso do pasado</li><li>➤ Escenificar un diálogo nunha tenda de roupa</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Relatar algo en presente</li><li>➤ Relatar algo en pasado</li><li>➤ Expresar desexo, dúbida e hipótese</li><li>➤ Expresar ordes</li><li>➤ Expresar recomendacións</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Formación, usos e valores dos tempos de indicativo e subxuntivo</li><li>➤ Correlación temporal na oración</li><li>➤ Expresión do desexo, dúbida e hipótese</li><li>➤ Preposicións e locucións prepositivas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ A vestimenta</li><li>➤ Traxes rexionais</li></ul>

**UNIDADE 4**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Utilizar os adverbios de lugar para falar dos distintos tipos de establecementos comerciais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Referirse adecuadamente ás persoas do discurso.</li><li>➤ Desenvolverse en situacións da vida cotiá</li><li>➤ Expresar adecuadamente a situación dunha persoa ou obxecto</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Pronome persoal átono: formas, contraccións</li><li>➤ Imperativo afirmativo e negativo</li><li>➤ Infinitivo conxugado</li><li>➤ Adverbios e locucións adverbiais de lugar</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Hostalaría</li><li>➤ Comercio</li></ul>



GALEGO SEN FRONTEIRAS  
XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas  
2-24 de xullo de 2019

**UNIDADE 5**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Describir unha paisaxe</li><li>➤ Elaborar un plan para o tempo de lecer</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Referirse adecuadamente ás persoas do discurso</li><li>➤ Comentar cuestións relativas ao medio natural</li><li>➤ Desenvolverse en situacións da vida cotiá referidas ao tempo libre</li><li>➤ Expresar adecuadamente o tempo</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Pronome persoal átono: posición en oracións simples, compostas e dependentes (I)</li><li>➤ Formas e usos de verbos con alternancia (I)</li><li>➤ Adverbios e locucións adverbiais de tempo</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ O medio natural</li><li>➤ Lecer e tempo libre</li></ul>

**UNIDADE 6**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Redactar unha receita real ou inventada</li><li>➤ Expresar a opinión sobre os diferentes hábitos de alimentación</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Referirse adecuadamente ás persoas do discurso</li><li>➤ Expresar adecuadamente o modo.</li><li>➤ Desenvolverse en situacións da vida cotiá referidas á alimentación</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Pronome persoal átono: posición en oracións dependentes (II)</li><li>➤ Formas e usos de verbos con alternancia (II)</li><li>➤ Adverbios e locucións adverbiais de modo</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Comidas e bebidas</li><li>➤ Alimentación</li></ul>



GALEGO SEN FRONTEIRAS  
XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas  
2-24 de xullo de 2019

**UNIDADE 7**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Describir as partes da casa na que vivimos e e os obxectos máis peculiares que conteñan.</li><li>➤ Relatar as características da vivenda na que nos gustaría vivir</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Buscar a implicación do oínte</li><li>➤ Referirse adecuadamente ás persoas do discurso</li><li>➤ Expressar adecuadamente a cantidade</li><li>➤ Desenvolverse en situacións da vida cotiá que teñan relación co fogar</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Pronome de solidariedade</li><li>➤ Pronome persoal átono: distribución dativo / acusativo</li><li>➤ Formas e usos dos verbos irregulares (I)</li><li>➤ Adverbios e locucións adverbiais de cantidade</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ O fogar</li><li>➤ Obxectos de uso cotián</li></ul>

**UNIDADE 8**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Responder unha oferta de emprego</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Expressar a reflexividade e a impersonalidade</li><li>➤ Referirse a cuestións cotiás relacionadas co traballo</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Pronome reflexivo</li><li>➤ Usos de se</li><li>➤ Formas e usos dos verbos irregulares (II)</li><li>➤ Os demostrativos: usos especiais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ O mundo laboral</li><li>➤ As profesións</li></ul>



GALEGO SEN FRONTEIRAS  
XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas  
2-24 de xullo de 2019

**UNIDADE 9**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Redactar unha crítica sobre unha película</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Establecer adecuadamente as comparacións</li><li>➤ Desenvolverse en situacións cotiás referidas á cultura e os espectáculos</li><li>➤ Expresar o futuro, a obriga e a hipótese mediante as perífrases verbais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ A comparación</li><li>➤ Formas e usos dos verbos irregulares (III)</li><li>➤ Perífrases verbais temporais e modais</li><li>➤ Colocación do pronome átono nos complexos verbais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Cultura</li><li>➤ Espectáculos</li><li>➤ Tradicións</li></ul>

**UNIDADE 10**

Tarefas	Contidos funcionais	Contidos gramaticais	Contidos léxicos
<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Integrar nun relato de tema libre as locucións e expresións máis frecuentes</li><li>➤ Escenificar situacións cotiás nas que pidamos desculpas ou aconsellemos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Coñecer e usar as frases feitas máis frecuentes na nosa lingua</li><li>➤ Expresar os distintos matices do aspecto mediante as perífrases verbais</li><li>➤ Expresar desculpas e consellos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Formas e usos dos verbos irregulares (IV)</li><li>➤ Perífrases verbais aspectuais</li><li>➤ Locucións e frases feitas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Expresións para pedir desculpas e para aconsellar</li></ul>



# GALEGO SEN FRONTEIRAS

## XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2019

### AVALIACIÓN

A **avaliación inicial** faise a través dunha proba de nivel no que cada alumno/a demostra as súas competencias comunicativas en lingua galega que trae dos seus lugares de orixe. Deste xeito pódese distribuír o alumnado en grupos máis homoxéneos para optimizar o aproveitamento da súa aprendizaxe e tamén facilitar a labor do profesorado.

Ao longo do curso faise unha **avaliación continua**, avaliación que realiza o profesor, e tamén o propio alumno (autoavaliación), das actuacións na clase, das tarefas e actividades realizadas durante o curso e dos propios coñecementos adquiridos. A cualificación final, polo tanto, reflectirá non só o resultado da proba final, senón a evolución en todo o curso.

Para valorar a traxectoria e progresión de cada alumno durante todo o curso utilizaremos a seguinte grella atendendo aos parámetros mencionados:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<b>Expresión oral</b>										
<b>Expresión escrita</b>										
<b>Traballo práctico</b>										
<b>Participación e compañeirismo</b>										
<b>Esfuerzo e interese</b>										
<b>Actitude</b>										

A **avaliación final** farase a través dunha proba escrita e doutra proba oral. A primeira consistirá nunha avaliación indirecta, na que se valorarán as competencias na escrita, en base, sobre todo, ao coñecemento do código, por medio de exercicios e algunha redacción; a segunda será unha avaliación directa a través dunha entrevista ou exposición dun tema, na que o alumno/a proporciona unha mostra lingüística de forma falada. A primeira é unha avaliación totalmente obxectiva, pois puntúase sobre todo a corrección lingüística; a segunda ten un compoñente máis subxectivo, pois valórase tamén unha determinada maneira de actuar e de falar.

O modelo de proba de coñecemento de lingua galega nestes cursos é máis ou menos acorde cos parámetros definidos por ALTE (Association of Language Testers of Europe) e polo Consello de Europa, sobre a que se aplican uns estándares de referencia na avaliación de cada parámetro.

En definitiva, é unha **avaliación sumativa**, xa que se valora o aproveitamento do curso na adquisición de destrezas para demostrar un dominio lingüístico, é dicir, o que alguén sabe ou é capaz de facer en canto á aplicación no mundo real do que aprendeu.





# GALEGO SEN FRONTEIRAS

## XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

### 2-24 de xullo de 2019

A continuación veremos os parámetros sobre os que se avalían as probas escritas e as orais, así como os criterios xerais para considerar se un alumno/a merece a cualificación de **apto** ou de **non apto**.

#### Criterios para a avaliación

A persoa que supere este nivel terá posuír as destrezas e habilidades comunicativas dun usuario independente en lingua galega. En liñas, xerais será capaz de comprender as ideas principais de textos en lingua estándar, ben traten sobre cuestións que lle son coñecidas (traballo, estudo, lecer...), ben traten de temas máis complexos ou técnicos, tanto concretos como abstractos. Poderá relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación non resulte difícil para ningún dos interlocutores. Poderá producir textos claros e detallados nos que describa as súas experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os argumentos a favor e en contra das distintas opcións.

O resultado final cuantificarase numericamente: o exame escrito contará un 70% do resultado final e a proba oral un 30%.

Dentro do cómputo total, tanto a proba escrita como a proba oral, achegarán un 70% da nota, tanto nas clases teóricas como prácticas, mentres que o 30% restante está reservado para avaliar a participación e a realización das tarefas e actividades.

#### Proba escrita

##### ▪ Adecuación

**Apto:** resolve con éxito a actividade proposta. Trata todos os puntos esixidos na tarefa cunha información pertinente. Presenta un formato textual e un rexistro adecuados.

**Non apto:** trata menos do 50% dos puntos esixidos na tarefa, cunha información inexacta ou insuficiente. O formato textual é inadecuado e presenta frecuentes vacilacións no emprego do rexistro.

##### ▪ Cohesión e coherencia

**Apto:** consegue estruturar a información cun emprego correcto e variado dos conectores. Apenas presenta problemas de coherencia e fai un uso correcto dos signos de puntuación.

**Non apto:** a información non se presenta de forma estruturada e os problemas de coherencia afectan á comunicación. Os conectores son escasos ou incorrectos e fai un uso inadecuado dos signos de puntuación.



## GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2019

### ▪ Gramática

**Apto:** ten un bo control gramatical con erros morfolóxicos ou sintácticos esporádicos. A ortografía é razoablemente correcta aínda que pode presentar interferencias doutras normas.

**Non apto:** presenta erros morfolóxicos, sintácticos e ortográficos frecuentes, que comprometen a comprensión do texto e que demostran un descoñecemento da norma.

### ▪ Léxico

**Apto:** presenta un vocabulario preciso e as incorreccións son escasas. Consegue facer uso dun vocabulario amplo, aínda que ás veces teña que usar circunloquios para tratar temas máis especializados ou técnicos.

**Non apto:** presenta un vocabulario con numerosas incorreccións e imprecisións que poden comprometer a comprensión do texto ou ateigado de castelanismos. É insuficiente para satisfacer as funcións comunicativas que se lle piden.

## Proba oral

### ▪ Adecuación

**Apto:** resolve con pleno éxito a actividade proposta. Adáptase á finalidade do acto comunicativo e ao contexto no que se produce, cun rexistro adecuado e un contido pertinente.

**Non apto:** non é capaz de resolver a actividade e só consegue comunicar os aspectos máis básicos da mesma.

### ▪ Interacción

**Apto:** emprega unha ampla gama de estratexias de colaboración co seu interlocutor, facendo uso da quenda de palabras de forma oportuna, eficaz e con total naturalidade en todos os contextos e situacións.

**Non apto:** ten dificultades para colaborar co seu interlocutor, con interrupcións e certa brusquidade cando toma a quenda de palabra.

### ▪ Cohesión e fluidez

**Apto:** Presenta a información organizada, con fluidez e ritmo natural.

**Non apto:** Presenta a información moi confusa e mal estruturada, e manifesta moitas carencias e indecisións que poden dificultar a comunicación.

### ▪ Pronuncia e entoación

**Apto:** ten unha pronuncia correcta e fai un uso axeitado da fonoloxía galega, aínda que evidencie o acento estranxeiro.

**Non apto:** presenta frecuentes erro de pronuncia que poden dificultar a comprensión. Presenta unha entoación allea ao galego.



# GALEGO SEN FRONTEIRAS

## XXXII Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2019

### ▪ Gramática

**Apto:** ten un bo control gramatical, aínda que pode presentar erros sintácticos ou morfolóxicos non sistemáticos.

**Non apto:** presenta erros morfolóxicos e sintácticos frecuentes, que comprometen a comprensión do texto e que demostran un descoñecemento da norma.

### ▪ Léxico

**Apto:** presenta un vocabulario preciso e as incorreccións son escasas. Consegue facer uso dun vocabulario amplo, aínda que ás veces teña que usar circunloquios para tratar temas máis especializados ou técnicos.

**Non apto:** presenta un vocabulario con numerosas incorreccións e imprecisións que poden comprometer a comprensión do texto. É insuficiente para satisfacer as funcións comunicativas que se lle piden.

## Docentes de nivel medio

### ▪ Clases teóricas

José Manuel Dopazo Entenza (nivel medio 1)

Vicente Feijoo Ares (nivel medio 2)

### ▪ Clases prácticas

Cristina Quinteiro Suárez (nivel medio 1)

Lidia Gómez Martínez (nivel medio 2)